

29/08/2023

CONVOCATORIA DE CURSOS DA EGAP 2023 (SEGUNDO SEMESTRE)

Publicada, no Diario Oficial de Galicia, a resolución pola que se convocan as actividades de formación da Escola Galega de Administración Pública para o primeiro semestre de 2023, entre as que se oferta "A expurgación na colección das bibliotecas públicas" (presencial, 12 horas).

O seu contido está orientado a comprender a importancia da xestión da colección como un proceso sistemático de construción e mantemento dos fondos dunha biblioteca e asumir a expurgación como un elemento esencial para manter unha colección actualizada, atractiva e equilibrada.

Programa

- Conceptualización da expurgación.
- Planificación.
- Criterios.
- Destino dos fondos obxecto da expurgación.
- Avaliación da expurgación.

Datas e horario

2 de outubro de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h.

3 de outubro de 10:00 a 14:00 h.

Destinatarios

Persoal bibliotecario, técnico e auxiliar, da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional e das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Lugar de celebración

Santiago de Compostela

Prazas

25

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 03/09/2023, ás 23.55 h. A inscrición farase telematicamente a través da "Área de matrícula" da EGAP no seguinte enderezo:

<https://egap.xunta.gal/matricula>

DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Acceso á convocatoria

Área de matrícula

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/avisos/convocatoria-de-cursos-da-egap-2023-segundo-semester>